

Expediente IET: P-22-173
Proxecto: Parque eólico Monte Neme
Concello: Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña)
Promotor: Enel Green Power España SAU

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 08/03/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de parque eólico Monte Neme.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Monte Neme, de 16 MW, composto por 4 aerogeneradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zona de provisión, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica). Os aerogeneradores terán 4 MW de potencia, cunha altura da buxa de 115 metros e cun diámetro de rotor de 170 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán un total de 5.623 m entre camiños de nova construción e existentes.

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas da Coruña consiste nun estudo de impacto ambiental (decembro 2019) que inclúe un EIIP (xuño 2021) como documento específico. Nese EIIP faise unha diagnose do medio perceptíbel, unha descrición das características do proxecto, a estimación dos impactos, achega infografías da súa implantación, dando por último unhas medidas de integración paisaxística.



3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Arco Bergantiñán e Bergantiños. No relacionado coas áreas de especial interese paisaxístico, a 5,8 km ao suroeste atópase a AEIP-09-01 Refuxio de Verdes e a 7,5 km na mesma dirección a AEIP-09-02 Río Lourido. Algo máis arredada aparece a AEIP-09-07 Lagoa de Alcaíán a 13,8 km ao sur, así como a AEIP-09-08 Fervenza de San Paio e a AEIP-09-09 Ribeira da Pena a uns 15 km ao sueste. Ao carón da infraestrutura a 570 m atópase o miradoiro Monte Neme, ao nordés aparece o miradoiro Santa Irene do Castrillón a 4,2 km e na mesma dirección a 6,3 km o miradoiro Lagoa de Baldaio, algo máis afastado atópase o miradoiro de Santo Hadrián a 11,2 km ao noroeste, nesa mesma dirección a distancias que oscilan entres os 12,5 e os 13,5 km aparecen outros tres miradoiros o miradoiro da Costa, do Fuso da Moura e do Monte Nariga, ao oeste atópase a 14,6 km o miradoiro Capela de Nosa Señora do Faro, así como outros moitos ao este a distancias entre 15 e 20 km. A 8 km ao sur aparece o sendeiro PR-G 142 Ruta das Férvedes.

Os aeroxeradores sitúanse no monte Neme cuxo cumio conta cunha altura sobre o nivel do mar de 385 m e unha topografía suave. Ao redor das faldras da montaña xorden numerosos regos como son o rego das Bouzas, o das Gándaras, o do Monte Neme e o de Tuíxe. Ao carón dos aeroxeradores atópase unha antiga mina de volframio, sendo as principais coberturas do solo no ámbito máis inmediato a de matogueira e rochedo así como a de plantacións forestais. Aos pes do monte Neme aparecen numerosos núcleos de poboación rodeados de mosaico agroforestal, así como un amplo val onde se localizan as poboacións de Coristanco, Carballo e Laracha. Polo norte o cumio remata no mar Atlántico, conformándose cara o oeste as praias de Razo e Baldaio e a marisma do mesmo nome contigua a esta última praia, namentres que ao oeste xorde unha cornixa costeira de gran valor paisaxístico na que se sitúa a vila de Malpica aparecendo tamén fronte á mesma as illas Sisargas.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha sucinta diagnose do estado actual da paisaxe nomeando algúns dos elementos naturais e construídos de valor paisaxístico máis próximos. Leva a cabo un estudo da visibilidade do conxunto do parque nun radio de 20 km, ao tempo que achega dúas infografías dende o propio monte Neme e dende Baldaio. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe durante a fase de construción, explotación e abandono. Establecendo por último, medidas de integración, baseadas principalmente na revexetación.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende boa parte da superficie da envolvente de 20 km. Os aeroxeradores terán deste xeito unha gran incidencia visual nun gran número de núcleos de poboación próximos, como son o de Vernes ou O Rodo a menos de 1 km de distancia, así como nas vilas de Malpica, Laracha, Coristanco e Carballo, atopándose esta última a escasos 5 km; tamén terá unha gran incidencia visual sobre o miradoiro de Monte Neme a uns 570 m así como na marisma de Baldaio e a praia do mesmo nome. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades

Poden producirse outros impactos como o que afecta á vexetación existente debido á realización das plataformas de montaxe e dos camiños de servizo.

No relacionado coas medidas de integración paisaxística propostas no EIIP, estas céntranse na revexetación da zona durante a fase de construción; apuntando que dada a altura dos



aeroxeradores, non existen medidas preventivas nin correctoras capaces de mitigar o impacto paisaxístico que estes producen, neste caso cualificado polo propio EIIP como severo.

5. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este deberá completarse, de acordo co disposto no artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG, coa xustificación de como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado deberase indicar aquelas que son de aplicación e como se tiveron en conta no proxecto; non bastará coa simple transcripción das mesmas. Tamén se deberá completar o estudo de visibilidade con infografías dende os núcleos máis próximos, Vernes e O Rodo, así como dende Carballo, Laracha, Coristanco e Malpica.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período de explotación do parque, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a vila de Carballo, outros núcleos próximos, o miradoiro de Monte Neme, así como a marisma de Baldaio e restante franxa costeira. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. Respecto aos núcleos rurais, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto as medidas de integración paisaxística, como é a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

